



Conversa con  
Francisco Fernández del Riego  
e Xaime Isla Couto

**Corenta anos de GRIA**



**A** revista GRIAL inicia unha nova etapa. Corenta anos despois da súa saída regular (1963), dous dos seus fundadores, *Francisco Fernández del Riego e Xaime Isla Couto*, lembran os primeiros anos da publicación periódica en activo máis antiga da cultura galega e unha das decanas das revistas culturais en España.

*Directores de honra de GRIAL, fundadores os dous da Editorial Galaxia en 1950, un ano antes, en 1949, animaron unha experiencia pioneira na expresión galeguista da posguerra: o Suplemento del Sábado do xornal compostelano La Noche. Alí estaban, dalgunha maneira, os principios dunha vizosa viaxe: a reconstrucción cultural (e política) da identidade galega despois da Guerra Civil.*

“Galaxia naceu coa idea de editar unha publicación periódica semellante ao que daquela podía ser a *Revista de Occidente*, ou *Cruz y Raya*, que eran os modelos máis próximos. A edición de libros xurdiu case como algo accidental”.

*O primeiro proxecto foi a Colección GRIAL: entregas de carácter trimestral que tentaban unha plataforma de expresión para o galeguismo no marco, certamente hostil, dos primeiros anos da década dos 50.*

**VÍCTOR F. FREIXANES**

FOTOGRAFÍA: PACO VILA



**O**réxime de Franco aplicaba os seus principios máis duros. Ramón Piñeiro acababa de saír da cadea. Europa estaba desfeita. A economía, estragada. As forzas políticas da República, vencidas. As grandes cabezas do pensamento democrático sobrevivían no exilio, cando non foran asasinadas.

O horizonte das liberdades e o proxecto frustrado da Autonomía de Galicia, masivamente apoiado polo pobo galego en xuño de 1936, semellaba un soño imposible, unha utopía irrealizable. Nestas condicións naceu a Colección GRIAL e a Editorial Galaxia. As primeiras entregas, pois, eran unha colección numerada, empezaron a publicarse en 1951, pouco despois da fundación da editorial. Saíron catro. A primeira, titulada *Presencia de Galicia*, incluía un ensaio de Ramón Piñeiro, "Siñificado metafísico da saudade" (en galego) e outro de Celestino Fernández de la Vega, "Cultura y comunicación" (en castelán), ademais de poemas de Cuña Novas e traballos de Francisco Fernández del Riego, Ánxel Johán, Ánxel Fole, Carlos Martínez Barbeito e Otero Pedrayo, entre outros. Del Riego asinaba dous: un co seu nome e outro co pseudónimo de Salvador Lorenzana, un dos varios que había de utilizar na súa actividade periodística e literaria.

Posteriormente, e por esta orde, apareceron *Pintura actual en Galicia*, *Presencia de Curros y doña Emilia*, conmemorando o centenario desta última, e *Aspectos jurídicos y económicos de Galicia*.

**¿Por que GRIAL? ¿A quen se lle ocorreu o nome?**

"Creo que foi cousa de Ramón Piñeiro. Estábamos os tres: Piñeiro, Xaime Isla e mais eu", lembra Del Riego, "pero a idea foi de Piñeiro, igual que o deseño do primeiro número foi de Xaime. GRIAL reflectía a nosa idea dunha cultura galega aberta, con vocación universal, non localista,

no espírito da xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos. Queríamos unha cultura sen complexos, e ao mesmo tempo, que fose quen de contactar coas novas xeracións, porque a cadea de transmisión estaba rota...

"Esta idea é importante", engade Xaime Isla. "Unha revista aberta, conectada co mundo, capaz por unha banda de relacionar entre si voces que daquela estaban dispersas e, ao mesmo tempo, de incorporar outras novas, novos creadores, a xeración que non fixera a guerra, sobre todo, e que, chegado o momento, había de tomar o relevo. Sempre traballamos con esta intención: afortalar

o presente, na medida en que podíamos, para sementar o futuro ou, polo menos, para poder soñalo, nunca rendirnos, nin claudicar. ¿Que as circunstancias eran difíciles? Claro que si. Pero hoxe tamén o son, aínda que doutra maneira. A globalización, a presión das transnacionais, o neoliberalismo económico, a forza da sociedade mediática, diante da cal tan poucas posibilidades temos, os novos espacios de relación política e económica, etc., esixen a mesma imaxinación, a mesma xenerosidade, o mesmo entusiasmo que entón puxemos, e que agora correspóndevos a vós, os máis novos. En certa maneira o

**LA NOCHE**  
SUPLEMENTO DEL SABADO

Précios 30 pts. Núm. 222 - Número 1. Sábado, 27 de outubro de 1959. Aída, y Tall, en Santiago, Proprietario, 30

**O poema do amor lonxano de Xofre Rudel**

Tradución e nota de Alvaro Cunqueiro

**Lamas Carvajal**

Este é un poema que se escribiu en París, no ano 1912, durante a primeira guerra mundial. O poeta, Xofre Rudel, era un estudante de medicina que se alistara no exército francés. O poema expresa a súa profunda saudade e o seu amor por unha muller que estaba lonxe de el, en Galicia.

**LA NOCHE, superseñalica**

Esta revista é unha publicación semanal que se publica en Santiago de Compostela. O seu propósito é ofrecer unha variedade de artigos, poemas e ensaios que reflictan a cultura galega e o mundo actual.

**GUION**

Este suplemento contén un guion para unha obra de teatro. O guion describe a acción da obra, os personaxes e os diálogos principais. É un recurso útil para os actores e o público para entender mellor a obra.

nome de GRIAL evocaba tamén esa esperanza, un ideal a conquistar. Dende o principio, Galaxia naceu con esta vocación. A colección era a súa plataforma de expresión, o seu escaparate...”

**Que non pasou do cuarto número.** “Cerráronnola ao ano de saír, aludindo a razóns de carácter administrativo, logo de que Juan Aparicio, daquela Director Xeral de Prensa, publicase un artigo feroz contra ‘ese grupo de escritores, con faltas de ortografía na alma e na pluma, que volven ás andadas’, dicía. Pero aquí estamos. Tivemos que agardar dez anos para volver saír”.

**Ollando agora as cousas cunha certa perspectiva, un antecedente de GRIAL estaba naquel Suplemento de los Sábados que coordenabades os dous nas páxinas de La Noche, en 1949. ¿Como naceu a idea do Suplemento?**

“La Noche era un xornal vespertino, que empezou a editarse en Santiago en 1946 e que dirixía Xosé Goñi Aizpurua, un carlista liberal, de Pamplona, que entendía que, para soste o periódico, debía darlle contidos específicos, universitarios e galegos”, explica Xaime. “Paco colaboraba nas súas páxinas, cun artigo tódalas semanas, igual que Otero Pedrayo, que escribía os seus ‘Parladoiros’. Quizais por iso pensaron en nós. Tratábase de artellar unhas páxinas semanais, de orientación galega, con especial atención ao mundo das letras e da economía. O primeiro número saíu o 15 de setembro de 1949. Preparámo-lo en Vigo. Levaba colaboracións de Álvaro Cunqueiro, Xosé María Álvarez Blázquez, Borobó, Florentino López Cuevillas, Fernando Cadaval, que era un pseudónimo de Ricardo Carballo Calero, Xohán Ledo, Santiago Fernández e varias notas con siglas ou pseudónimos, que eran nosas. Todo o facíamos nós. Alí empezou a colaborar moita xente. O propio Ramón Piñeiro, por exemplo.

Paco pedía os traballos, logo de establecer xuntos os contidos, e eu facía o deseño. Mesmo tiven que debuxar as cabeceiras das seccións. Non durou moito, a penas quince semanas, pero foi unha experiencia moi gratificante. Cerrárono en xaneiro de 1950. Poucos meses despois, fundamos en Compostela a Editorial Galaxia”.

**A revista GRIAL inicia a súa andaina en setembro de 1963. Dende entón, chega ininterrompidamente aos lectores. Primeiro, baixo a dirección compartida de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego.**

**A partir de 1989, con Carlos Casares. A súa vocación de revista crítica, integradora e aberta, permanece**

**Unha cousa foi consecuencia da outra...**

“Só en certa maneira”, continúa Del Riego. “A idea da editorial xa andaba na nosa mente. De feito, nalgún número de La Noche aparece a noticia da súa próxima constitución. Xaime creara en Vigo o Servicio de Edicións, Publicacións e Traducións (Sept), xunto con Plácido Castro e Celso Collazo: unha empresa destinada á distribución e venda de libros a domicilio, a través de catálogo, con visitadores directos. Dalgún xeito iso nos daba algunha idea de por onde podíamos ir. Tratábase de xuntar duascenas ou trescentas persoas que puidesen estar interesadas nunha publicación, e así empezamos a emitir accións. Accións de mil pesetas, que podían desembolsarse a prazos, ás veces de cincuenta en cincuenta pesetas, ata cubrir o capital social. Cunha condición: que ninguén podía ter máis de dez accións, para garantir a pluralidade, e que a empresa non ficase en mans duns poucos. O 25 de xullo de 1950 reunímonos gran parte dos accionistas no Hotel Compostela, en Santiago, e alí fundamos Galaxia”.

**¿Que era exactamente Sept? ¿Unha distribuidora? ¿Falamos da editorial que despois se especializaría en publicacións de carácter espiritual e relixioso?**

“Iso foi máis tarde”, explica Isla Couto. “A primeira Sept naceu nos anos 40 coma un intento de artellar unha empresa de difusión do libro. Daquela Plácido Castro

aínda estaba en Vigo e tiña moita relación comigo. Falaba o inglés perfectamente, como lingua propia, pois seu pai mandáralo moi novo a Inglaterra, e herdara da familia algún diñeiro, que meteu na empresa. Tamén Collazo sabía idiomas. El foi quen puxo en marcha a Axencia Efe en Moscova, tempo despois. Con eles naceu a idea, pero non durou moito, porque había que desenvolverla e se cadra non se lle prestou suficiente atención. Mais todo ía na mesma dirección. Distribuíamos e vendíamos libros de Economía, os primeiros que había, de Dereito... Lembro unhas coleccións estupendas de Aguilar, por exemplo, e do Fondo de Cultura Económica, que editaban en México. A editorial Sept, tal como a coñecemos hoxe, foi unha recuperación das siglas daquela primeira experiencia”.

**¿Por que deixou de saír o Suplemento de La Noche, de vida tan efémera? Seica foi polo número dedicado a Castelao...**

“Non houbo tal número. Castelao morreu en Buenos Aires o 7 de xaneiro daquel ano, é verdade, e

no Suplemento publicamos un traballo de Valentín Paz-Andrade, e unha nota sobre o seu pasamento. Pero a cousa viña de atrás”, segue Del Riego. “Houbo un número dedicado ao arcebispo Quiroga Palacios no que falamos dos cregos que cultivaran a lingua galega, dándolle a benvida ao novo arcebispo. Ese foi, en realidade, o que levantou as críticas. Quiroga Palacios, que viña da diocese de Mondoñedo, era moi amigo de Otero Pedrayo. Coñecéranse en Ourense, tiña certa sensibilidade pola causa galega. Falaba galego e tiña relación con algúns galeguistas. Pareceunos que era unha boa ocasión. Tiñamos o antecedente de Lago González... Eses foron os traballos que aceleraron a prohibición do *Suplemento*, na miña opinión. Lembro que Álvaro Cunqueiro escribiu unha colaboración moi eloxiosa, que me mandou a min persoalmente, e na redacción cambiáronlle o nome, asinárona cun dos pseudónimos que daquela Cunqueiro utilizaba, Álvaro Labrada, e a el pareceulle moi mal. O número levantou fortes críticas en sectores do réxime que entendían que queriamos apropiarnos da figura do novo arcebispo. Alí foi onde empezaron os problemas. O artigo de Paz-Andrade sobre Castela foi a pinga que rebordou o vaso.



Goñi citoume no seu despacho e díxome: ‘Teño a papeleira chea de denuncias. Ata agora puiden non facerlles caso, pero desta vez a orde vén de instancias superiores. Vostedes utilizaráronme a min e eu, en certa maneira, aproveiteime de vostedes. Creo que ámbalas partes fomos leais. Pero xa non podemos seguir’. Visto así, tiña toda a razón”.

### **Daquela ti coordinabas dende Londres os programas en galego da BBC.**

“É certo, e Goñi sabía. El era consciente de a quen pedía a colaboración. Recordo que á entrevista asistiron tamén Landeira e mais Borobó, que traballaban no xornal. Os programas da BBC duraron ata 1956: dende o 14 de abril de 1947, que se emitiu o primeiro, cunha colaboración de Augusto Assía, ata setembro do ano 1956. Foron 83 programas. Dirixíao George Hills, fillo de española e namorado de Galicia, que veu vernos persoalmente. *O Suplemento de La Noche* non durou tanto.

### **E en 1951, *Galaxia* comeza a publicar. O primeiro libro é de Ramón Cabanillas: a conexión cos vellos, poderíamos dicir, coa xeración das Irmandades...**

“En parte foi casual. En realidade *Galaxia* naceu coa idea de poñer en circulación unha revista. Pero a primeira publicación foi, efectivamente, un libro de Ramón Cabanillas, *Antífona da cantiga*, unha escolma de poesía popular que o poeta tiña preparada e que ía editar coa axuda económica de Álvaro Gil, en Madrid, cun comentario filolóxico de Isidoro Millán González-Pardo. Ofrecéunola, case que como agasallo, para empezar, e aceptamos. Na edición entrevi moito Ben-Choshay, que era un dos nosos contactos en Madrid. Así comezaron as nosas publicacións. Case ao mesmo tempo, saíu o primeiro número da Colección GRIAL. Se cadra a imposibilidade de con-



tinuar co *Suplemento de La Noche* acelerou a nosa determinación de fundar a editorial, non o sei, pero a idea viña de antes. Estaba moi madura en nós”.

### **Para o cal, constituíste unha sociedade anónima.**

“Porque naquel momento non podiamos ir a outro tipo de sociedade. Decidimos constituír unha sociedade anónima con accionistas moi diversos, todos con pequenas aportacións. Cada quen ía contactando con amigos e coñecidos que puidesen estar interesados. Xaime encargouse de redactar os estatutos”.

“En galego”, puntualiza Isla. “Un notario de Valladolid explicoume que estaba vixente un regulamento da República que permitía redactar este tipo de documentos en bilingüe, galego e castelán, e así o fixemos. Chegamos ser uns douscentos accionistas, aproximadamente”.

### **¿Quen formaba o equipo de *Galaxia* naquel momento?**

“O primeiro consello de administración, o que saíu da xuntanza de Compostela, estaba constituído por Ramón Otero Pedrayo, como presidente, Manuel Gómez Román, como vicepresidente; Xaime Isla Couto, como conselleiro delegado; Francisco Fernández del Riego, como secretario e, como vocais, Sebastián Martínez



Risco, Antonio Fernández López e Xesús Ferro Couselo. Había xente de todas partes, mesmo algún representante da emigración...”

### ¿E Ramón Piñeiro?

“Acababa de saír de cadea, e estaba convaléciente dunha operación de cataratas que lle fixeran en Valdecilla. Axiña pensamos na necesidade de nomear un director literario, e pensamos nel, porque reunía as mellores condicións e, ademais, estaba dispoñible, non tiña traballo, mesmo atravesaba dificultades económicas naquel momento. O primeiro número da Colección GRIAL fixémoslo enteiramente na miña casa”, explica Del Riego. “Piñeiro veu de Lugo para cerrar os traballos e imprimímoslo no *Faro de Vigo*, nun papel ben cativo, por certo, que parecía papel de estraza, con deseño e maquetación de Xaime Isla”.

### Daquela o equipo executivo erades os tres.

“Non exactamente. Había un grupo de apoio moi importante, moi entusiasta e activo. Alí corríxíanse probas, repartíanse os recados, enviábanse os orixinais á imprenta, facíanse os paquetes, contactábase cos colaboradores e subscritores... Ese grupo, que logo retratou Xohán Ledo, estaba constituído por Emilio Álvarez Blázquez, Rufo Pérez González, que era profesor de Matemáticas no instituto, Luís Viñas Cortegoso, Antón Beiras García, Xosé Meixide González, Ricardo García Suárez, Xaime Isla e Fernández del Riego. Ese foi o primeiro corazón de Galaxia”.

### Xohán Ledo marcou poderosamente as primeiras edicións cos seus deseños.

“É certo. Licenciárase en Medicina por Santiago. Coñecíámolo da época das Mocidades. Botou un tempo en Bilbao e logo instalouse en Vigo, onde volvimos contactar, e incorporouse a Galaxia dende o primeiro momento. Xohán Ledo merece unha expo-

sición, quizais unha edición de libros de tapas, con algún estudo sobre a súa obra gráfica. O seu traballo foi magnífico...”



### ¿En que se apoiou a Administración para prohibir a continuidade da Colección GRIAL?”

“Non gustaba. Era evidente. Xa falamos do artigo que Juan Aparicio publicara no xornal *Pueblo* de Madrid, axiña tivo noticias da saída da colección, ao que, por certo, contestou con bastante valentía Xosé María Castroviejo, dende as páxinas de *El Pueblo Gallego*, que el entón dirixía. ‘De Pueblo a Pueblo’, titulábase o artigo de Castroviejo, defendendo a nosa posición. Xustificaron a prohibición dicindo que, posto que a colección saía trimestralmente e tiña estrutura de revista, debía acollerse á lexislación vixente, que obrigaba a recibir a correspondente autorización e ter á fronte un xornalista titulado. Tivemos que interrompela, ou transformala, pois en realidade continuamos publicando outros títulos, aínda que sen numerar, coma os *Sete ensaios sobre Rosalía*, que saíron polas mesmas datas, ou *La saudade*, publicacións colectivas, conxuntos de ensaios varios, xa con outras características, que non eran as da revista, e unha serie de Cuadernos de Arte Galega, que inicial-

mente ía dirixir Carlos Maside, pero que logo se confiaron a Xohán Ledo, coa colaboración do propio Maside. Alí saíron traballos

sobre Colmeiro, Seoane, Maside, Eiroa, este último da autoría de Luís Seoane, en 1954...”.

### Que daquela residía en Buenos Aires, editor de Citanía, animador dunha parte moi importante da cultura galega exiliada... ¿Que relacións había co exilio?

“Había diferencias. Diferencias de perspectiva e de táctica, poderíamos dicir. Hai textos e correspondencia publicada. Nas memorias de Ramón Piñeiro fálase algo diso”, comenta Isla Couto. “En realidade, entre nós, era Paco del Riego quen mantiña vivo ese contacto. El viaxou a Buenos Aires, colaboraba nas publicacións de América, carteábase con eles... Isaac Díaz Pardo funda en 1963 Edicións do Castro, no marco máis amplo do Laboratorio de Formas de Galicia, baixo a inspiración moi directa de Seoane. O traballo de América foi moi importante. Cando aquí a penas podíamos actuar, os exiliados mantiveron aceso o facho da memoria e da dignidade. Pero eramos a mesma familia. Traballabamos polos mesmos ideais. Sentiámonos parte da mesma irmandade...”.



“Eu sempre valorei moito a relación co exilio”, anota Del Riego. “Unha parte moi importante dos vellos compañeiros do Partido Galeguista estaban aló. ¿Como podíamos ignoralos? Mesmo houbo proxectos que aquí non se puideron realizar, porque o impediu a censura, e houbo que facelos en América. Tal foi o caso da primeira edición de *A esmorga* de Blanco Amor, por exemplo.

**E en 1963, GRIAL volve rexurdir.** “O réxime abriuse, en parte presionado pola opinión internacional, que esixía un lavado de cara. Fraga Iribarne, daquela ministro de Información e Turismo, preparou a Lei de Prensa que eliminaba a censura previa e facilitaba a aparición de novas publicacións periódicas. Piñeiro e mais eu”, conta Del Riego, “viaxamos a Madrid para falar coa Dirección de Prensa e logramos a autorización, pero con algunhas condicións. Primeira, que tiña que publicarse nos oito primeiros días do terceiro mes, por iso GRIAL aparece sempre a trimestre pasado, non ao principio de trimestre, como é normal. Segunda, que a maior parte da revista debía ir

en castelán. E terceira, que, como revista non técnica que era, debía dispoñer dun xornalista titulado como responsable da mesma, xornalista que, ademais, debía cobrar coma o redactor xefe de calquera diario. Así foi como falamos, primeiro con Ánxel Sevillano, que traballaba en *El Pueblo Gallego*, e despois, cando este se xubilou, con Landeira Yrago, que entón estaba en *Faro de Vigo*, para que figurasen como directores da revista. Ámbolos dous aceptaron, sen retribución económica ningunha. GRIAL empezou a ser monolingüe, en galego a partir do número 52, non antes”.



### Subtitúlase *Revista Galega de Cultura*.

“Efectivamente, non *revista da cultura galega*, que é distinto. Queríamos unha revista con vocación universal, aberta ao mundo. En cada número había primeiro unha sección de ensaios e logo unhas páxinas dedicadas sempre á creación (narrativa, teatro, poesía...), unha sección que denominabamos “Peneira dos días”, con traballos de menor entidade, e finalmente o “Rego da cultura”, na que dabamos conta de noticias e informacións varias, case sempre relacionadas co mundo das letras. Coidabamos moito o intercambio con outras revistas de características semellantes, en parte para dar a coñecer a nosa e en parte para abrir as páxinas a outras culturas, que foi algo que sempre nos preocupou. Corenta anos despois pode dicir que non fallamos nin unha soa vez á cita cos lectores”.

**Outro antecedente de GRIAL, tamén editada por Galaxia, foi a *Revista de Economía de Galicia*, que dirixiu Xaime Isla durante case once anos, dende xaneiro de 1958 a decembro de 1968. A economía naqueles tempos era un territorio relativamente novo, pero tamén sospeitoso. Nas súas páxinas non se disimulaban as posicións críticas. ¿Por que a *Revista...* non tivo as dificultades que tivo GRIAL?**

*A Revista de Economía de Galicia* foi un fito moi importante na produción cultural galega daquel momento, na renovación do pensamento galeguista e na liña editorial da propia Galaxia, é certo. Non sei se podemos considerala un antecedente de GRIAL. Eran cousas distintas, aínda que en moitos casos as persoas que as facían eran as mesmas”, explica Isla Couto. “Eu dirixía a publicación e redactaba a meirande parte dos editoriais e comentarios críticos, ata a chegada de Xosé Manuel Beiras á subdirección, en 1963. Meu era tamén o deseño e a maquetación. Pero algúns edi-

toriais tamén os escribía Ramón Piñeiro, e o propio Paco del Riego colaborou moito. Con todo, cómpre advertir que a *Revista...* estaba enteiramente redactada en castelán, e este é un factor importante para entender que non pasase polas dificultades e atrancos polos que pasou GRIAL, polo menos de primeiras. O galego, fóra dos ambientes campesiños ou de circuitos propios de Xogos Florais, provocaba unha enorme desconfianza. Ademais disto, procuramos un Consello de Dirección que non levantase demasiadas escoceduras. Ramón Piñeiro e mais eu trasladámonos a Madrid para entrevistarnos con Antonio Valcárcel, un home moderado, tradicionalista, que estivera vencellado ao galeguismo antes da guerra e que colaborara en *El Noroeste*, para pedirlle que presidise o Consello. Daquela era Secretario Xeral das Cámaras de Comercio de España. Moviámonos así. Tamén contamos con Antonio Rosón, que logo había de presidir a Xunta durante a pre-autonomía, e con Antonio Fernández López, presidente do Grupo Zeltia, á par de Isidro Parga Pondal, Cruz Gallástegui, Sebastián Martínez Risco, Álvaro Gil, Río Barja...”



*A Revista de Economía de Galicia* significou, entre 1958 e 1968, un esforzo moi consciente por incorporar á expresión cultural galega áreas de reflexión e de coñecemento que daquela eran novidosas entre nós, como a socioloxía e a economía.

Nas súas páxinas hai apuntes que, ollados con perspectiva, resultan especialmente valiosos

### ¿Influía moito na liña da revista ese Consello de Dirección?

“A revista facíamola os que che dixen ao principio. O Consello dábanos cobertura formal, naturalmente, pero máis nada. Cando se incorporou Xosé Manuel Beiras, a publicación ía moito da súa man. Traballabamos xuntos, ata que en 1968 el se incorporou á Facultade de Ciencias Económicas que acababa de crearse na Universidade de Santiago. Con todo, non faltaron problemas. O Ministerio de Información e Turismo sancionounos en 1967 por un editorial no que se criticaba un conflito marisqueiro que se producira na ría de Vigo, e en 1966 publicamos un completísimo informe sobre o conflito do encoro de Castrelo de Miño que está aí para quen queira consultalo.

En Castrelo de Miño foi onde por primeira vez empezaron a manifestarse con certo pulo as organizacións políticas da esquerda antifranquista”.

### ¿Corenta anos despois do seu relanzamento, e cincuenta e un despois daquela primeira idea, como vedes o GRIAL do novo século?

Distinto. Cada momento ten a súa linguaxe, as súas propias formas, o seu estilo. O futuro é voso. Nós cubrimos unha etapa, igual que Carlos Casares cubríu a súa, entre 1989 e o ano 2002, con novos colaboradores e novos xeitos. A súa morte foi unha perda moi grande. Pero cómpre seguir. Con todo, hai algo que deberíamos conservar e desenvolver: o espírito de renovación, reflexión, esixencia e sentido crítico, apertura e universalidade que dende o primeiro momento intentamos darlle a estas páxinas e que, en parte, explican que teñamos chegado ata aquí. Queríamos unha revista aberta, conectada co mundo, porque só desa maneira podemos pensar nunha cultura galega moderna. Unha revista crítica, documentada, que sirva de referencia a todos aqueles que se achegan a nós incluso dende outros espazos culturais. Os tempos son distintos, pero o espírito, aínda que renovado, debería permanecer. Aquela preocupación nosa por conectar coas novas xeracións e deitar pontes entre o pasado e o futuro, entre a experiencia dos devanceiros e os proxectos dos máis novos, segue tendo sentido e razón de ser ■





# GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

157 xaneiro, febreiro, marzo 2003

Tomo XLI

## A catástrofe do *Prestige*

Corenta anos de GRIAL

Conversa con Francisco Fernández  
del Riego e Xaime Isla

Lingua e proxecto literario. Seis ensaios  
Arcadio López-Casanova, Marilar Aleixandre,  
Darío Xohán Cabana, Xavier Seoane,  
Agustín Fernández Paz, Cándido Pazó

Carta de Nova York. *Not in Our Name*